

# CAMPAMENTOS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA: VILARBÓ 2.017

"PARA NENOS/AS DO CONCELLO  
DO BARCO"



CONCELLO  
O BARCO DE VALDEORRAS  
CONCELLARÍA DE DEPORTES E XUVENTUDE



## Concello do Barco-Xuventude

### EN QUE CONSISTEN ESTOS CAMPAMENTOS EN VILARBÓ?

O Concello das Pontes ofreceunos a posibilidade de facer un campamento intermunicipal con máis concellos, no que participarán nenos e nenas de outros 4 concellos como son As Pontes, Malpica, Viana e Arteixo.

**LUGAR DE REALIZACIÓN:** en Vilarbó, que está situado en plena fraga atlántica pertencente ás Fragas do Eume, e aínda non forma parte da extensión do parque conta coas súas características.

#### ■ CAMPAMENTO MULTIAVENTURA:

Para nenos/as de 12 a 17 anos de idade.

Do 7 ao 19 de xullo. **Prezo:** 234€ (\*inclúe transporte)

**Actividades:** acuáticas (canoa, remo, ruta en canoa...), paintball, xogos (predeportivos, populares, alternativos), aire libre, medio ambiente, artesanía, marchas diúrnas e nocturnas, ruta en bici, acampada itinerante de río, tiro, tertulia, animación, cociña e limpeza. **E ESTE ANO SPEAKING!! Traballaremos o INGLÉS.**

#### ■ CAMPAMENTO ROBINSON:

Para nenos e nenas de 6 a 11 anos de idade.

Do 21 a 28 de xullo. **Prezo:** 174€ (sen transporte)

**Actividades:** acuáticas (canoa, remo...), xogos (predeportivos, populares, alternativos), medio ambiente, artesanía, marchas, acampada itinerante de río, tiro, tertulia, animación, cociña e limpeza.



**● prezo inclúe as actividades, a estancia, a manutención e tódalas actividades e monitores titulados que terá a instalación.**

# A QUE ESTÁS AGARDANDO?

## INSTALACIÓNS:

A dormida dos nenos/as e dos monitores será en tendas de campaña. As tendas son grandes, tipo jumara). Contarán con instalacións fixas que son: comedor, cociña, aseos, duchas, 2ocos de talleres, sanidade e dirección.

Haberá un bungalow dormitorio de 12 prazas para empregalo en caso de que algún dos nenos/as enferme.

## NÚMERO DE PRAZAS:

**Campamento Multiaventura:** 20 prazas

**Campamento Robinson:** 15 prazas



## PREINSCRICIÓNS E AXUDICACIÓN DE PRAZAS:

O sistema que se empregará este ano seguirá as seguintes fases:

**FASE 1 "PREINSCRICIÓN":** o martes 13 de xuño en horario de 8.30 a 15.00 e de 16.30 a 20.00 tódolos/as interesados/as deberán achegarse ao Departamento de Deportes (situado no Edificio Multiusos, 2º andar) ou chamar ao 988-682496 e facilitar os seguintes datos para formalizar a FASE DE PREINSCRICIÓN: nome e apelidos do neno/a, DNI, data de nacemento. Nese momento comunicáraselle un número correspondente a súa preinscrición (aos membros da mesma unidade familiar –irmáns- asignáraselle o mesmo número) .

**FASE 2 "REPARTO DE PRAZAS":** chegadas as 20.00hrs do día 13 de xuño, procederase a revisar o número total de preinscricións, para valorar se existe a posibilidade de que tódolos/as demandantes de praza poidan acudir ao campamento.

**FASE 3 "REUNIÓN":** o xoves 15 de xuño ás 20.30hrs no salón do 3º andar do Edificio Multiusos, realizarase unha reunión na que:

-Se o número de preinscricións é igual ao número de prazas das que dispomos, farase comunicado desta situación e informaráselle a todos/as do sistema de matrícula (entregaranse xa os impresos de matriculación...)

-Se o número de preinscricións é superior ao número de prazas, e non se puideron conseguir máis, procederase a un SORTEO que se rexerá polas seguintes normas:

1. Introducirase nunha caixa unha papeleta con cada número de preinscricións existentes.
2. Extraerase unha única papeleta que marcará o número dende o cal se empezarán a contar as 20 prazas existentes para seren adxudicadas(exemplo: se saíse o número 8, as prazas corresponderían aos números dende 8 ata 27- se existisen irmáns dentro destes números iríanse restando prazas do número 27 cara atrás).
3. Farase entrega dos formularios de matriculación, e informarase dos prazos de entrega dos mesmos debidamente cumprimentados.

## PARA MÁIS INFORMACIÓN:

- Chamando ao 988-682496 ou 988-320202 (Dpto. Deportes)
- Mandando un mail a: [juventudydeporte@concellodobarco.org](mailto:juventudydeporte@concellodobarco.org)

